NOVEMBRO 2026

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO

informa

www.cig-ensino.gal

A Consellaría volve financiar entidades certificadoras privadas de idiomas estranxeiros mentres recorta nas Escolas Oficiais de Idiomas

A CIG-Ensino reclama que se conte coas EOI para realizar as probas de certificación de nivel e denuncia a discriminación do alumnado dos centros non plurilingües



A Consellaría de Educación volve reservar até 400.000 euros para financiar probas de acreditación de linguas estranxeiras sen dar prioridade ás Escolas Oficiais de Idiomas, xa que a resolución deste curso de novo non concreta como se vai facilitar a participación das EOI. Ademais mantén unha achega de 100 euros por estudante e por proba e deixa en mans dos centros a selección das empresas ou institucións certificadoras, así como a organización e o pagamento dos exames.

Desde a CIG-Ensino consideramos inaceptábel que se continúe financiando o negocio das entidades privadas mentres se recorta profesorado, grupos e medios nas EOI, unha rede pública que leva décadas formando e certificando o coñecemento de idiomas.

Ademais, a Consellaría crea unha situación de desigualdade coa súa propia rede pública: mentres o alumnado que acode ás EOI para certificar o seu nivel debe aboar as taxas correspondentes, esta convocatoria permite sufragar total ou parcialmente, con fondos públicos, exames de entidades privadas.

Deste xeito, favorécese que alumnado dos centros de ensino que podería acudir ás EOI



para certificar idiomas opte por outras entidades certificadoras. Resulta entón contraditorio que a Administración financie esta alternativa e, ao mesmo tempo, utilice a baixada da matrícula para xustificar recortes na rede pública, como o desmantelamento deste curso de grupos de chinés na EOI de Lugo.

> ***«Desde a CIG-Ensino seguimos sen entender por que a posibilidade de recibir unha axuda para acreditar un idioma ten que depender de que o centro participe ou non nun destes programas»***

E non é a primeira vez que denunciamos esta situación. Xa en 2017 advertimos da privatización da certificación de inglés do profesorado. En abril de 2025 puxemos o foco na privatización xeral das probas de acreditación de competencia lingüística en linguas estranxeiras

MANTENSE A DISCRIMINACIÓN DO ALUMNADO DOS CENTROS NON PLURILINGÜES

Como xa denunciamos o pasado curso, a resolución volve dar preferencia ao alumnado que cursa etapas ou ciclos plurilingües. Desde a CIG-Ensino seguimos sen entender por que a posibilidade de recibir unha axuda para acreditar un idioma ten que depender de que o centro participe ou non nun destes programas. O alumnado dos centros non plurilingües ten o mesmo dereito a acceder a estas probas e esta condición non deixa de ser unha chantaxe encuberta para que os centros opten polo por converterse en plurilingües.

A CIG-Ensino defende que se facilite a acreditación lingüística do alumnado, pero reclama que se faga contando en primeiro lugar coas Escolas Oficiais de Idiomas e sen discriminar ninguén polo centro no que estuda. Esiximos á Consellaría que deixe de recortar nas EOI e que destine os recursos necesarios a ampliar a súa oferta e a reforzar os seus cadros de persoal. Se hai diñeiro para pagar a entidades certificadoras privadas, tamén debe habelo para reforzar a rede pública.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal